



EXPEDIENTE 2025/E001/000006. Proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025.

Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.

ANTECEDENTES

20.05.2025. Por Decreto da Alcaldía n.º 158/2025, aprobáronse as bases e a convocatoria para do proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025.

26.05.2025. Anuncio convocatoria e Bases de selección. (BOP. Núm 98)

05.06.2025. Finalización prazo presentación de solicitudes.

Solicitudes de participación:

Apelidos e nome	DNI	Acreditación CELGA 2
Boubeta Fandiño Adrián	***3703**	SI
Mosquera Alfonso David	***0959**	SI
Paz Martínez Miguel	***2220**	SI
Pereiro Mella Carlos José	***9194**	SI
Rendo Facorro Ramón	***4582**	NON (CELGA 1)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Decreto da Alcaldía n.º 158/2025, polo que se aprobaron as bases e a convocatoria para do proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025.



RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO. Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo mediante oposición de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025, como persoal laboral temporal.

PERSOAS ADMITIDAS

Apelidos e nome	DNI	Acreditación CELGA 2
Boubeta Fandiño Adrián	***3703**	SI
Mosquera Alfonso David	***0959**	SI
Paz Martínez Miguel	***2220**	SI
Pereiro Mella Carlos José	***9194**	SI
Rendo Facorro Ramón	***4582**	NON (CELGA 1)

PERSOAS EXCLUÍDAS

Ningunha

SEGUNDO. Nomear ao tribunal cualificador do proceso de selección que terá a seguinte composición:

- Presidente: Manuel Santiago Neira Gómez, axente ambiental no Distrito Forestal III (Consellería do Medio Rural).
- Secretario: Miguel Ángel Liste Otero motobombista e tractorista no Distrito Forestal III (Consellería do Medio Rural)
- Vogal 1º: Manuel Rodríguez Calvo, conductor encargado tractor Concello de Touro.
- Vogal 2ª: Paula Martínez Cereijo, auxiliar administrativa do Concello de Touro.
- Vogal 3ª: María Carmen Becerra Carlín, auxiliar servizos sociais Concello de Touro.

TERCEIRO. Fixar a data para a sesión do Tribunal (constitución e realización da fase de oposición) para o xoves día 19 de xuño de 2025 ás 10.30 horas na “Nave de Servicios Municipales” situada en Rúa Río Ulla nº 5 – Fonte Díaz – Touro.

CUARTO. Publicar a presente no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

QUINTO. Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

José López González, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente